

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/11/2019 8:18:43

SAIDA

12832/19

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 138/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Con data do 26 de setembro de 2019, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo, informe remitido pola Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, sobre a reclamación presentada por [REDACTED], [REDACTED] [REDACTED] contra a Resolución do 27 de novembro de 2018, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se lle concede acceso á información sobre a campaña publicitaria do día de Galicia do mes de xullo.

Xunto co informe, remítese copia do expediente.

Considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. A Secretaría Xeral de Medios remite, con data do 26 de setembro de 2019, a reclamación formulada o 28 de novembro de 2018, por [REDACTED], [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], dirixida expresamente á Valedora do Pobo, por ter dúbidas da súa presentación directa ante esa entidade.

A reclamación preséntase contra a Resolución de acceso á información pública do 27 de novembro de 2018, ditada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, pola que se concede ao interesado acceso á información sobre a campaña publicitaria do día de Galicia do mes de xullo, inversión a realizar en diversos medios de comunicación, lista de adxudicatarios da campaña, pagos e comisións recibidas por Bap Conde, copia da resposta á misiva enviada ao

letrado de Bap Conde na que se lle facía constar as fontes das noticias, copias dos correos email dirixidos por Bap Conde a Xornal Galicia e copia ou xustificante do requirimento ás fontes da noticia por Bap Conde con dominios web.

Segundo. De acordo co informe remitido, solicitouse información á Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios sobre o contido da solicitude, por entrar o solicitado dentro do ámbito das súas funcións. A dita subdirección emitiu informe segundo o cal a información relativa á contratación, está dispoñible na Plataforma de Contratos de Galicia, no que constan as correspondentes licitacións, con referencia aos importes e entidades adxudicatarias dos contratos. Á citada subdirección, segundo o informe emitido, non lle consta resposta enviada ao Letrado de Bap Conde, non dispón das comunicacións privadas de terceiros solicitadas, nin consta requirimento algún ás fontes da noticia por Bap Conde con dominios web.

A Secretaría Xeral de Medios informa que o 6 de novembro de 2018, o interesado presentou outra solicitude de acceso a información pública, de informes, convenios o contratos de carácter público que emanen de la Secretaría de Medios relacionados con Adelaida Domínguez Mouriño, Xornal Galicia Norte, Xornal Galicia Sur, Bap Conde, campañas publicitarias desde el año 2013, solicitude que deu lugar a un procedemento que finalizou coa Resolución do 28/12/2018, na que se admite o acceso e se lle indica que pode acceder ás contratacións na Plataforma de Contratos de Galicia na que figuran os importes e entidades adxudicatarias dos contratos, e se lle relacionan os plans de medios das campañas de comunicación subscritos mediante contrato con C Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación, S.A (antes Bap Conde).

Dado que houbo oposición por parte de C Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación, S.A, a copia dos contratos non se lle remitiu na data da resolución, pero si esta remitida na actualidade.

Terceiro: A entidade reclamante non seu escrito manifesta que presentou a solicitude á Secretaría Xeral de Medios solicitando que se lle contestase nun prazo de 10 días ao obxecto de presentala nunha conciliación e a mesma non foi respondida, celebrándose as conciliacións sen poder achegar a documentación pública.

Antes da resolución agora impugnada, presentou solicitude de fiscalización dous contratos e trámites que afectan á entidade solicitante, que non foi respondida. Na resolución impugnada, non dá resposta ao solicitado, nin en tempo nin en forma, nin no seu contido, obviando o principal que é a lista de adxudicatarios da campaña, pagos e comisións recibidas por Bap Conde.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Oficina de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 27 de novembro de 2018 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 28 de novembro de 2018, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O presente expediente de reclamación ante unha resolución pola que se concede o acceso á información solicitada por ██████████ resólvese con case un ano de retraso, dado que se presentou ante a Secretaría Xeral de Medios, aínda que dirixida ao Valedor do Pobo, pero constando na súa primeira folla “con copia para a Secretaría Xeral de Medios..”, o que levou a Secretaría a dar por feito que a reclamación tamén fora presentada ante a Valedoría do Pobo, cando non era así.

A entidade reclamante solicitou unha información ao obxecto de presentala nun acto de conciliación coa Secretaría Xeral de Medios, e por este motivo, solicitou que a información lle fose remitida no prazo de dez días. O feito de que a Secretaría Xeral de Medios tardase máis de dez días en responder, non pode considerarse un incumprimento da normativa en materia de transparencia, dado que o prazo no que debe darse resposta a unha solicitude de acceso á información, de acordo co disposto no artigo 27.4 da Lei 1/2016, é dun mes.

A Secretaría Xeral de Medios deu resposta mediante dúas resolucións, unha do 27 de novembro e outra de 28 de decembro de 2018, ás solicitudes do 4 de outubro e 6 de novembro de 2018 formuladas pola entidade, proporcionando á entidade interesada a información da que dispón e comunicándolle de que información da solicitada, non dispón.

No referente á información sobre contratación, a resolución límitase a indicar que a información esta na Plataforma de Contratos de Galicia. A referencia á existencia dun sitio web onde se ofrece información, non é suficiente para os efectos de proporcionar a información solicitada. O artigo 22.3 da Lei 19/2013, establece que se a información xa foi publicada, a resolución que resolva a solicitude de acceso poderá limitarse a indicar como pode accederse a ela, pero como establece o criterio interpretativo 9/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, en ningún caso é suficiente unicamente a remisión xenérica a portal ou á sede ou páxina web, senón que é necesario que se concrete sinalando expresamente o link que accede á información e, dentro deste, os epígrafes, capítulos, datos e informacións exactas que se refiran ao solicitado, sendo requisito que a remisión sexa precisa e concreta e leve, de forma inequívoca, rápida e directa á información sen necesidade de requisitos previos, nin de sucesivas procuras.

Por tanto, o órgano reclamado que pode elixir entre ofrecer a información solicitada por vía do exercicio de dereito de acceso exposto, ou ofrecer o link ou ligazón exacta que ofrezca de forma directa a información de que se trate.

A Secretaría Xeral de Medios cumpriu o disposto no artigo 22 da Lei 19/2013, no referente á formalización do acceso ao existir oposición dun terceiro titular da información solicitada.

A Comisión de Transparencia de Galicia, ten como competencia a resolución das reclamacións contra as resolucións de acceso á información pública, sen que poida entrar a valorar, como pretende a entidade reclamante, si un órgano administrativo, neste caso a Secretaría Xeral de Medios, xestionou un contrato administrativo de acordo coa Lei.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]

[REDACTED] contra a Resolución do 27 de novembro de 2018, da Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, pola que se lle concede o acceso á información pública sobre a campaña publicitaria do día de Galicia do mes de xullo, debendo a Secretaría Xeral de Medios proporcionar a información referente á contratación de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto desta resolución.

Segundo: Instar a Secretaría Xeral de Medios, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Secretaría Xeral de Medios, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

76706870F Firmado digitalmente
 por 76706870F MARIA
MARIA DOLORES DOLORES FERNANDEZ
FERNANDEZ (R: S6500009C)
S6500009C) Fecha: 2019.11.27
 11:25:56 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.